

# IGUALDADE MÁIS FEITOS MENOS PALABRAS



## Situación sociolaboral da muller en Galicia

Día Internacional da Muller 2019



## ÍNDICE

	Páxina
Introdución	2
Ano 2019 e a incorporación das mulleres ao mercado laboral dista moito da dos homes	4
A segregación ocupacional horizontal e vertical segue a caracterizar o emprego das mulleres	7
Formación e ocupación	10
A inestabilidade laboral dificulta o mantemento do emprego nas mulleres	11
Desemprego	13
Conciliación e corresponsabilidade	15
Resumo e conclusións	18



## INTRODUCCIÓN

A igualdade ademais de ser un dereito fundamental é unha cuestión de xustiza, constitúe unha necesidade social e da nosa economía. A igualdade é imprescindible para que as empresas sexan competitivas; un modelo de competitividade baseado na calidade dos produtos e os servizos non é posible sen igualdade real entre mulleres e homes nos centros de traballo.

O contexto de recuperación económica non se está traducindo nunha mellora da situación das mulleres no mercado laboral. Lonxe de reducirse, as brechas de xénero no emprego aumentan. As reformas laborais e medidas de recorte e austeridade xunto á omisión de actuacións públicas que realmente contribúan a avanzar na igualdade de xénero seguen incrementando a situación de retroceso na igualdade de xénero e colocan ás mulleres nunha situación que nos afasta cada vez máis da posibilidade de alcanzar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

As mulleres acceden ao mercado laboral en peores condicións que os homes, promocionan menos a postos de responsabilidade, reciben salarios máis baixos e seguen asumindo case en solitario as responsabilidades familiares.

Por estas razóns convocamos o ano pasado unha folga o día 8 marzo, Día Internacional da Muller como xornada de protesta para esixir a corrección das desigualdades e eliminar a discriminación por razón de xénero. Un ano despois, a análise dos datos que recollen as estatísticas, seguen evidenciando os niveis de desigualdade laboral entre mulleres e homes, polo que a suposta recuperación do emprego, non está a afectar por igual a ambos, mostrando a debilidade do emprego feminino e a peor valoración do traballo das mulleres.

Ademais, á desigualdade laboral hai que engadir a situación intolerable que sofren as mulleres vítimas de violencia de xénero. O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero quedouse moi escaso nas medidas no ámbito laboral, polo que é fundamental potenciar o Programa de inserción sociolaboral para as mulleres que sofren violencia de xénero e apenas se desenvolveron medidas de apoio e protección, relacionadas co ámbito laboral.

Neste ano non se adoptaron medidas que revertan de forma efectiva a etapa regresiva do anterior goberno en materia de políticas de igualdade. O rexeitamento ao proxecto de lei dos Orzamentos Xerais do Estado, para o 2019 supuxo unha oportunidade perdida para acabar coas políticas de recortes e austeridade.

Desde UGT seguimos esixindo ao Goberno, ás formacións políticas e as empresas a adopción de medidas eficaces e efectivas para combater a discriminación e a desigualdade que seguen soportando ás mulleres.

Por iso é urxente e necesario:

- Facer efectivo o diálogo social e impulsar a negociación colectiva, incrementar as políticas activas de emprego, esixir plans de igualdade en todas as empresas ampliando o seu ámbito de aplicación legal a empresas de menos de 250 traballadores/ as, así como a adopción de medidas de acción positiva dirixidas a eliminar a discriminación e a desigualdade no emprego e na protección social.
- Aprobar unha lei de igualdade salarial que contribúa de forma eficaz a combater a brecha salarial eliminando a discriminación retributiva entre homes e mulleres
- Reforzar e garantir os instrumentos e recursos de vixilancia, control e sanción da Autoridade Laboral para o cumprimento efectivo do principio de igualdade no ámbito laboral.
- Adoptar medidas e políticas que garantan a efectiva corresponsabilidade entre mulleres e homes para a repartición equitativa das responsabilidades familiares, que fagan posible a compatibilización do traballo e os coidados sen efectos negativos para as mulleres, como a equiparación do permiso de paternidade ao de maternidade, entre outras.
- Avanzar na eliminación das violencias machistas, garantindo o estrito cumprimento das medidas acordadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero e garantir o seu impacto para mellorar a situación destas mulleres.
- Poñer en marcha un modelo educativo igualitario e fortalecer os servizos públicos, especialmente en Educación, Sanidade e Servizos Sociais, así como garantir a existencia e viabilidade de infraestruturas públicas para a atención e coidados de calidade, accesibles e adecuados, de nenos e nenas, especialmente menores de 0 a 3 anos e de persoas maiores e/ou en situación de dependencia.

Por todas estas razóns, desde UGT convocamos unha folga xeral de polo menos dúas horas por quenda con cobertura de 24 horas para o próximo 8 de marzo de 2019, que ten por obxectivo esixir que as políticas de igualdade sexan prioritarias para o Goberno, o recoñecemento pleno e efectivo do dereito á igualdade de todas as mulleres e denunciar calquera vulneración dos seus dereitos.

## ANO 2019 E A INCORPORACIÓN DAS MULLERES AO MERCADO LABORAL DISTA MOITO DA DOS HOMES.

A poboación activa feminina sitúase 8,1 puntos por debaixo da masculina

### Poboación activa

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza Mulleres/Homes
Poboación activa	1.243.500	642.100	601.400	-40.700
Taxa de actividade	53,3	57,5	49,4	-8,1

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2018 Poboación de 16 e máis anos

Segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (en diante, EPA) do ano 2018 (media anual) do Instituto Galego de Estatística a poboación activa feminina é inferior á masculina en 40.700 persoas.

A taxa de actividade feminina amosa o diferencial entre homes e mulleres, sendo 8 puntos e unha décima inferior.

A taxa de actividade das mulleres galegas sitúase 4,15 puntos por debaixo da media estatal. Galicia, tras Asturias, Cantabria, Extremadura e Castela e León reflicte a menor taxa do Estado.

### Taxas de actividade feminina por comunidades autónomas.

	2018 (4º trimestre)
Total Nacional	53,08
Andalucía	49,54
Aragón	53,44
Asturias	46,77
Baleares	56,94
Canarias	56,28
Cantabria	47,77
Castela e León	48,69
Castela - A Mancha	52,18
Cataluña	56,83
Comunidade Valenciana	52,01
Extremadura	48,59
Galicia	48,93
Madrid	58,14
Murcia	52,83
Navarra	55,86
País Vasco	52,08
Rioxa, A	55,38

Fonte: Enquisa de Poboación Activa- INE

Se comparamos a taxa de actividade feminina galega ca da media estatal, compróbase no último trimestre do ano 2018 un diferencial de 4,2 puntos porcentuais a favor do Estado.

Con respecto ás restantes comunidades autónomas conséntase que Galicia dista considerablemente das taxas de actividade doutros contextos, sendo tan só en Asturias, Cantabria, Extremadura e Castela e León inferiores á galega. O maior diferencial atópase respecto de Madrid, Baleares e Cataluña, cunhas taxas de actividade de 58,14%, 56,94% e 56,83%, respectivamente, fronte ao 48,93% en Galicia.

**Sen ter en conta ás persoas retiradas, xubiladas e pensionistas a maior parte das mulleres inactivas o son por dedicarse a labores do fogar**

As mulleres son o 56,5 por cento das persoas inactivas, acadando no caso das persoas inactivas por Labores do fogar un 85,8%

**Poboación inactiva por clase principal de inactividade, sexo**

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ Total
Total	1.090.500	474.100	616.400	56,5
Estudantes	151.700	76.100	75.600	49,8
Persoas Retiradas, xubiladas e pensionistas	630.100	309.300	320.800	50,9
Labores da casa	201.500	28.800	172.800	85,8
Outros	96.400	51.900	44.500	46,2
Non sabe. Non refire estado de inactividade	10.900	8.100	2.700	24,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Hai 474.100 homes inactivos fronte a 616.400 mulleres inactivas, hai 142.300 mulleres inactivas máis que homes e hai diferentes motivos de inactividades para eles e elas.

Mentres que a maior parte dos homes inactivos o son por estar Retirados, xubilados ou ser pensionistas, no caso das mulleres, aínda que esta tamén é a principal causa, séguelle cun número considerable de mulleres inactivas as Labores de fogar, ou sexa coidar do fogar e da familia sen ningún tipo de remuneración, un traballo duro e invisibilizado.

**A ocupación das mulleres é inferior á dos homes en 47.600 persoas, e a brecha das taxas de emprego é de 8.1 puntos**

**Poboación ocupada**

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza Mulleres/Homes
Poboación ocupada	1.077.600	562.600	515.000	-47.600
Taxa de emprego	46,2	50,4	42,3	-8,1

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2018 Poboación ocupada

Hai segundo os datos da EPA en Galicia un total de 515.000 mulleres ocupadas fronte a 562.600 homes, é dicir son 47.600 mulleres ocupadas menos que homes. De cada cen persoas ocupadas, menos da metade, o 47,8%, son mulleres. Se temos en conta a Poboación de 16 e máis anos, hai 1.217.800

mulleres e 1.116.200 homes, é dicir, o 52,2%. As mulleres somos máis pero en relación ao emprego temos menores oportunidades.

No que respecta á taxa de emprego, Galicia segue moi lonxe dos obxectivos de Europa 2020 que establece un 75% de ocupación tanto para homes como para mulleres. En Galicia a taxa de emprego dos homes é do 50,4% e a das mulleres do 42,3%, cunha brecha entre ambas de 8,1 puntos.

### O mercado laboral feminino segue a manifestar peores condicións que o masculino en todas as súas variables

Poboación de 16 e máis anos por sexo, e relación coa actividade económica. Galicia.

	2018		Diferenza	% Mulleres
	Homes	Mulleres	Mulleres s/ Homes	
Total	1.116.200	1.217.800	101.600	52,2
Poboación activa	642.100	601.400	-40.700	48,4
Poboación ocupada	562.600	515.000	-47.600	47,8
Poboación parada	79.500	86.400	6.900	52,1
Poboación inactiva	474.100	616.400	142.300	56,5

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2018 Poboación ocupada

A pesar da progresiva incorporación da muller ao mercado de traballo seguen persistindo fortes diferenzas por xénero. No ano 2018 aínda que hai 1.217.800 mulleres de 16 e máis anos fronte a 1.116.200 homes (101.600 mulleres máis), é superior a poboación activa masculina (642.100 homes) que a feminina (601.400) polo que hai 40.700 mulleres activas menos.

En canto á poboación ocupada obsérvase como tamén existen grandes diferenzas por sexos, xa que hai 47.600 homes máis ocupados que mulleres. Se analizamos o número de persoas que se atopan en situación de desemprego hai 6.900 homes menos e tamén no referente á poboación inactiva (que nin traballa nin está buscando un traballo), as diferenzas volven a constatarse, prexudicando de novo ás mulleres, con 142.300 inactivas máis.

### Onde si existe unha taxa superior para as mulleres, é no desemprego, 2 puntos superior á masculina

Taxas de actividade, emprego e paro por sexos. Galicia

	2017		2018		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza M/H
Taxa de actividade	57,9	49,1	57,5	49,4	-8,1
Taxa de ocupación	49,2	41,1	50,4	42,3	-8,1
Taxa de paro	15,0	16,4	12,4	14,4	+2,00

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2018 Poboación ocupada

No ano 2018 a taxa de paro feminino segue a distanciarse da masculina. Trala equiparación das taxas de paro entre ambos sexos por mor da crise, volve darse o tradicional diferencial entre elas polo que de novo se constata a maior dificultade para o acceso ao mercado laboral no caso das mulleres, enfrontándose a maiores niveis de desemprego.

## A SEGREGACIÓN OCUPACIONAL HORIZONTAL E VERTICAL SEGUE A CARACTERIZAR O EMPREGO DAS MULLERES

A forte segregación ocupacional por sexos é unhas das características do mercado de traballo en Galicia. Segundo os últimos datos da EPA, 438.200 mulleres atópanse ocupadas no sector Servizos, o que implica o 56,1% do total de ocupación no sector. En Agricultura, gandería, caza e silvicultura é relevante, o 43,2% do total. Na Industria a porcentaxe é moito menor, o 27,3%, tamén na Pesca e acuicultura co 22,9% do total, e con menor intensidade na Construción co 6,7% do total.

### Poboación ocupada por sexo e sector económico

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ Total	% s/ Total Mulleres
Total	1.077.600	562.600	515.000	47,8	100,0
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	52.300	29.700	22.600	43,2	4,4
Pesca e acuicultura	15.700	12.200	3.600	22,9	0,7
Industria	169.000	122.800	46.200	27,3	9,0
Construción	67.300	62.800	4.500	6,7	0,9
Servizos	773.300	335.100	438.200	56,7	85,1

Fonte: Elaboración UGT Galicia a partir da EPA IGE datos 2018 Poboación ocupada

O sector servizos en Galicia agrupa case as tres cuartas partes da ocupación (o 72% do total). O número de mulleres ocupadas nese sector supera ao dos homes en máis de 100.000 (103.000)

En Galicia o 85,1% das mulleres ocupadas concéntranse no sector Servizos. A súa presenza é moi baixa na Industria, un 9%, na Agricultura, gandería, caza e silvicultura, o 4,4%, e menor peso na Pesca e acuicultura, 0,7% e na Construción 0,9%.

En Galicia o 38,4% da ocupación no sector primario son mulleres, a maior porcentaxe de todas as comunidades autónomas. No sector primario temos que distinguir dúas ramas de actividade, por un lado Agricultura, gandería, caza e silvicultura que ten un forte peso feminino, o 43,2% do total de ocupación, 22.600 mulleres e 29.700 homes. E que representa o 4,4% do total de ocupación feminina. Polo lado da Pesca e acuicultura temos que o 22,9% son mulleres (o marisqueo), pero no total de mulleres representa o 0,7% do total de ocupación feminina.

No sector industrial hai en Galicia 169.000 persoas ocupadas. As mulleres representan o 27,3% da ocupación deste sector, apenas 46.200, e isto é moi negativo xa que este é o sector máis valorado e mellor retribuído. As mulleres representan a cuarta parte da ocupación no sector industrial, apenas



46.200 mulleres por case 123.000 homes. Pero hai que destacar que en toda España somos a Comunidade autónoma con maior peso feminino no sector industrial (as conservas, a industria agroalimentaria, etc.)

No sector da Construción o emprego feminino é moi baixo, o 6,7% do total de poboación ocupada. Son 4.500 mulleres dun total de 67.300. Dentro do emprego feminino o sector da Construción dá emprego ao 0,9% do total.

Hai unha maior propensión ao emprego por conta propia no caso dos homes cun 21,8% fronte ao 16,4% no caso das mulleres.

Distribución porcentual da ocupación por situación profesional. Galicia 2018

	Homes	Mulleres
Por conta propia	21,8%	16,4%
Por conta allea	78,2%	83,6%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

As mulleres seguen a ter maior peso no sector público que os homes e menor peso no sector privado.

Ocupación segundo sector público/privado. 2018

	Público	% s/total	Privado	% s/total
TOTAL	190.800	17,7	886.900	82,3
Homes	80.800	14,4	481.800	85,6
Mulleres	110.000	21,4	405.100	78,6
% Mulleres s/ total	57,7		45,7	

Fonte: INE e EPA

No emprego público conséntase o maior peso da ocupación feminina fronte á masculina (57,7% e 42,3%, respectivamente) e pola contra no sector privado segue predominando o emprego masculino cun 54,3% fronte ao 45,7% do total no caso das mulleres.

Dos 10 grupos ocupacionais da [CNO-2011](#) (Clasificación Nacional de Ocupacións) a muller tan só ten unha presenza maioritaria en catro deles, con porcentaxes próximas ao 60%. Ponse de manifesto tamén a segregación vertical, xa que só 31,25% dos postos de dirección e xerencia son ocupados por mulleres (só o 2,33% se atopan nesta ocupación).

**Poboación ocupada por sexo e ocupación principal (cno-2011)**

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ total	Diferenza	% Mulleres s/ total mulleres
Total	1.077.600	562.600	515.000	47,79	-47.600	100,00
0 Ocupacións militares	5.100	4.600	600	11,76	-4.000	0,12
1 Dirección e xerencia	38.400	26.400	12.000	31,25	-14.400	2,33
2 Persoal Técnico e profesional científico e intelectuais	183.600	77.100	106.500	58,01	29.400	20,68
3 Persoal técnico; profesionais de apoio	110.800	67.500	43.300	39,08	-24.200	8,41
4 Persoal Empregado contable, administrativo e outro persoal empregado de oficina	105.400	36.000	69.400	65,84	33.400	13,48
5 Traballadores e traballadoras dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	248.000	83.600	164.400	66,29	80.800	31,92
6 Traballadores e traballadoras cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	54.000	30.600	23.400	43,33	-7.200	4,54
7 Artesáns e artesás e traballadoras e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (salvo persoal operador de instalacións e maquinaria)	136.800	121.800	15.000	10,96	-106.800	2,91
8 Persoal Operador de instalacións e maquinaria, e persoal montador	88.500	74.300	14.200	16,05	-60.100	2,76
9 Ocupacións elementais	107.000	40.700	66.300	61,96	25.600	12,87

Do total de mulleres ocupadas o 32% o están na ocupación 5 – Traballadoras e traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores, representan o 66,3% do total de ocupación, 164.400 mulleres fronte a 83.600 homes. Na ocupación 4 – Persoal Empregado contable, administrativo e outro persoal empregado de oficina temos 69.400 mulleres ocupadas e 36.000 homes, representan o 54,84% do total. Na 9 - Ocupacións elementais\* hai 66.300 mulleres e 40.700 homes, é dicir, as mulleres son o 61.96% do total. Por últimos, na ocupación 2 – Persoal Técnico e profesional científico e intelectual son 106.500 mulleres e 77.100 homes, as mulleres son o 58,01% do total. Nas restantes seis ocupacións son maioría os homes.

A presenza das mulleres é moi reducida na ocupación 7 – Artesás e Artesáns e persoal traballador cualificado das industrias manufactureiras e a construción (salvo persoal operador de instalacións e maquinaria) con 15.000 mulleres fronte a 121.800 homes, tan só o 10,96% do total e nas 0 - Ocupacións militares, 600 mulleres e 4.600 homes, o 11,76% do total.

Estes datos poñen de manifesto a segregación ocupacional do mercado laboral galego. De feito, tan só o 2,33% da poboación ocupada feminina (o 4,7% nos homes) está en postos de 1 -Dirección e Xerencia, polo que se constata que o chamado “teito de cristal” segue estando moi presente para as mulleres na súa participación no mercado de traballo.

As mulleres tan só representan o 19,44% nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35 (fronte a 80,6% homes)

Participación de mulleres nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35

		2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Mulleres	Total	10,99	12,44	13,78	15,30	16,61	18,37	19,44
	CEO	1	1	1	1	1	1	1
	Postos executivos	10	38	41	45	48	55	60
	Postos non executivos	57	65	72	83	88	95	99
Homes	CEO	33	32	32	33	33	33	33
	Postos executivos	164	381	386	381	371	362	360
	Postos non executivos	354	319	295	300	284	276	270
% mulleres	CEO	2,90	3,0	3,0	2,9	2,9	2,9	2,9
	Postos executivos	5,7	9,10	9,6	10,6	11,5	13,2	14,3
	Postos non executivos	13,9	16,9	19,6	21,7	23,7	25,6	26,8


Fonte: Instituto de la Mujer. Táboa actualizada a data 15 de novembro de 2018

Se atendemos á participación das mulleres nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35, formado polas empresas con maior liquidez que cotizan neste sistema en España, podemos observar como se segue a constatar a mínima presenza feminina nos postos de responsabilidade, xa que só representan o 19,44% do total de postos de dirección, outro indicador das grandes diferenzas existentes entre homes e mulleres no mercado laboral. En termos absolutos comprobamos un total de 160 mulleres fronte a 663 homes.

## FORMACIÓN E OCUPACIÓN

A igual formación, os homes acadan maiores taxas de ocupación que as mulleres en todos os niveis formativos

Taxa de ocupación por nivel de formación alcanzado e sexo (cned-2014). 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

A igual formación alcanzada, os homes teñen maiores taxas de ocupación que as mulleres, en todos os niveis formativos, observándose os menores diferenciais entre as taxas de Educación superior. Compróbase que a maior nivel educativo maior empregabilidade no mercado laboral, aínda que sempre con taxas inferiores ás masculinas.

	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>562.600</b>	<b>515.000</b>
Analfabetismo	300	500
Estudos primarios	25.400	19.700
Educación secundaria. Primeira etapa	191.300	128.100
Educación secundaria. Segunda etapa	131.500	119.000
Educación superior	214.100	247.800

Fonte: EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Segundo a poboación ocupada por nivel de formación alcanzado obsérvase maior número de mulleres con Estudos superiores que homes, 247.800 e 214.100, respectivamente. No resto de niveis formativos o número de homes é superior ao de mulleres (salvo en Analfabetismo, no que unha vez máis a muller está en desvantaxe).

### A INESTABILIDADE LABORAL DIFICULTA O MANTEMENTO DO EMPREGO NAS MULLERES

Das 862.400 persoas asalariadas no ano 2018, 229.000, o 26,6%, teñen contratos temporais. No caso das mulleres a porcentaxe achégase a 27,5%, sendo menor a taxa no caso masculino, o 25,6%.

#### Poboación asalariada segundo o tipo de contrato e sexo. Galicia

	Total			Contrato temporal			Taxa de temporalidade		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2012	810.100	417.000	393.200	185.700	85.400	100.300	22,9	20,5	25,5
2013	775.300	392.600	382.700	176.700	84.400	92.300	22,8	21,5	24,1
2014	779.500	391.600	387.900	182.900	90.800	92.100	23,5	23,2	23,7
2015	800.200	406.000	394.300	203.500	97.900	105.600	25,4	24,1	26,8
2016	817.900	416.600	401.300	214.400	101.200	113.200	26,2	24,3	28,2
2017	827.300	418.500	408.800	223.300	105.800	117.500	27,0	25,3	28,7
2018	862.400	435.900	426.500	229.000	111.600	117.400	26,6	25,6	27,5

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

Hai brecha de xénero na poboación ocupada con contratación indefinida, e na modalidade de contratación temporal para cubrir a ausencia total ou parcial doutra persoa traballadora a maioría son mulleres, 28.100 das 36.900 (o 76,2%)

#### Poboación asalariada por sexo e tipo de contrato ou relación laboral.


	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>862.400</b>	<b>435.900</b>	<b>426.500</b>
De duración indefinida: permanente ao longo do tempo	623.600	321.600	301.900
De duración indefinida: discontinuo	9.800	2.600	7.100
Temporal: Non sabe	20.400	11.200	9.200
Temporal: Por circunstancias da produción	29.000	14.500	14.500
Temporal: De aprendizaxe, formación ou práctica	10.800	6.000	4.900
Temporal: Estacional ou de temporada	11.300	5.700	5.600
Temporal: Cobre un período de proba	1.200	700	500
Temporal: Cobre a ausencia total ou parcial doutro/a traballador/a	36.900	8.900	28.100
Temporal: Para obra ou servizo determinado	111.000	61.700	49.400
Temporal: Verbal non incluído nas opcións anteriores	4.200	1.300	2.900
Temporal: Outro tipo	4.200	1.800	2.400

Fonte EPA. I.G.E. - Instituto Galego de Estatística

As mulleres asalariadas con contrato indefinido son o 48,8% do total de poboación asalariada con contrato indefinido. É chamativo que na poboación asalariada con contrato de “Duración indefinida: discontinuo”, 7.100 son mulleres, fronte a 2.600 homes. Isto implica menores salarios ao ano, só cobrar neses períodos e consumir paro no seu caso.

O emprego a tempo parcial segue sendo para as mulleres. Os datos do ano 2018 poñen de manifesto a brecha existente entre homes e mulleres no emprego a tempo parcial.

Poboación ocupada por tipo de xornada. Galicia. Ano 2018. EPA.



Os homes ocupados con xornada completa son 529.600 fronte a 402.300 mulleres. A diferenza é que hai 127.300 homes máis que mulleres que teñen un contrato a tempo completo. En cambio, cando falamos de tempo parcial hai 112.700 mulleres fronte a 33.000 homes. Hai 79.700 mulleres máis que homes con xornada a tempo parcial. No emprego a tempo parcial a porcentaxe de mulleres ocupadas acada o 77,4% fronte ao 22,6% de homes.

No caso da ocupación feminina, o 21,9% é a tempo parcial, moito menor no caso masculino o 5,9%

Así pois a brecha de xénero na ocupación a tempo parcial é de 16 puntos.

Distribución porcentual poboación ocupada por tipo de xornada e sexo

	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Completa	Parcial	Total	Completa	Parcial	Total	Completa	Parcial
	1.077.600	931.900	145.700	562.600	529.600	33.000	515.000	402.300	112.700
% s/ Total cada sexo	100,0	86,5	13,5	100,0	94,1	5,9	100,0	78,1	21,9
% s/ Total ambos sexos	100,0	100,0	100,0	52,2	56,8	22,6	47,8	43,2	77,4

## DESEMPREGO

Na última década a poboación traballadora viviu momentos moi duros, pero para a muller foi especialmente gravoso.

No ano 2018 houbo 86.400 mulleres paradas fronte a 79.500 homes. Hai, polo tanto, 6.900 mulleres máis en situación de paro. A taxa de paro para ambos sexos foi do 13,3%, pero continúa sendo máis alta nas mulleres que nos homes, 14,4% e 12,4%, respectivamente. A brecha entre mulleres e homes son dous puntos de diferencial entre taxas de paro.

#### Taxa de paro 2018

Total	Homes	Mulleres
13,3	12,4	14,4

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

A crise ocultou, ao afectar a sectores masculinizados a eterna situación de desvantaxe en canto ao desemprego das mulleres.

A taxa de paro no ano 2012, ano a partir do cal comezou a recuperación da economía, pasou no caso dos homes de 20,8% a 12,5% en 2018 e no caso das mulleres de 20,2% a 14,4%, é dicir, mentres que a masculina diminúe 8,4 puntos a das mulleres moito menos, 5,8 puntos. A recuperación económica non beneficia de igual modo a homes e mulleres.


Se analizamos a evolución da brecha de xénero nas taxas de paro dende ano 2012, como ano considerado a partir do cal comeza a recuperación económica, as diferenzas aumentan ano tras ano, ao haber un diferencial no ano 2012 e 2013 de 0,6 puntos a favor das mulleres ate chegar a unha taxa de paro no ano 2018 dous puntos superior nas mulleres que nos homes.

#### Taxa de paro

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Homes	20,8	22,3	21,6	18,7	16,5	15	12,4
Mulleres	20,2	21,7	21,7	20	17,8	16,4	14,4
Brecha desemprego	-0,6	-0,6	0,1	1,3	1,3	1,4	2,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

#### Evolución da brecha de xénero nas taxas de paro



Esta evolución o que pon de manifesto é que as mulleres teñen maiores dificultades para acceder ao emprego, e que sempre que hai unha recuperación da actividade económica as mulleres non atopan un mercado laboral inclusivo.

### O paro de longa duración afecta en maior medida ás mulleres

	Homes	Mulleres
Total	79.500	86.400
Menos de 1 mes	4.800	6.200
De 1 a < 3 meses	9.900	9.700
De 3 a < 6 meses	8.800	9.400
De 6 meses a < 1 ano	9.600	10.700
De 1 ano a < 1 ano e medio	6.100	8.500
De 1 ano e medio a < 2 anos	4.800	5.100
Dous ou mais anos	28.300	30.900
Xa atopou traballo	7.100	6.000

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

As mulleres representan o 53% das persoas desempregadas que levan en procura de emprego máis de 1 ano. O maior número de desempregadas atópase naquelas que levan dous ou máis anos, desemprego de moi longa duración, 30.900 mulleres.

Confírmase que de non conseguir saír do desemprego nos primeiros meses cronifícase a situación converténdose nun paro de moi longa duración (máis de dous anos).

### Unha brecha na taxa de cobertura de desemprego de 10 puntos.

As Taxas de cobertura (a relación entre persoas beneficiarias de prestación e persoas desempregadas, excluindo as de Sen emprego anterior) son moito máis baixas para as mulleres no ano 2018 (media anual SEPE). Así, a taxa de cobertura total foi do 53,9%, para os homes o 59,6% e para as mulleres o 49,6%.

## CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

Do total de persoas que non traballan nin están buscando emprego por ter que coidar de nenas e nenos, persoas adultas, enfermas, discapacitadas ou maiores, ou por ter outras responsabilidades familiares ou persoais, o 89,5% son mulleres

Poboación inactiva por sexo e motivo de non buscar emprego. Galicia

	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres s/ Total
Total	1.090.500	474.100	616.400	56,5
Cree que non o vai atopar	22.000	8.600	13.400	60,9
Está afectado por unha regulación de emprego	800	500	200	25,0
Por enfermidade ou incapacidade propia	120.700	64.900	55.800	46,2
Coidado de nenos e nenas ou de persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores	34.300	4.300	30.000	87,5
Ten outras responsabilidades familiares ou persoais	56.600	5.200	51.400	90,8
Está cursando estudos ou recibindo formación	145.300	73.200	72.000	49,6
Está xubilado/a	266.900	160.100	106.800	40,0



Outras razóns	88.600	13.900	74.600	84,2
Non sabe	1.200	700	500	41,7
Non aplicable	354.100	142.600	211.500	59,7

IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Se analizamos o motivo polo que non buscan emprego as mulleres inactivas, este é que non o buscan polo Coidado de nenos, adultos enfermos, discapacitados ou maiores. De todas as persoas inactivas que indican este motivo o 87,5% son mulleres e tamén no motivo de Ter outras responsabilidades familiares ou persoais as mulleres representan o 90,8% do total. Estes datos poñen en evidencia que a asunción das responsabilidades familiares segue a ser case en exclusiva das mulleres.

O desánimo tamén ten rostro feminino, de todas as persoas que indican que non buscan emprego por Crer que non o van atopar hai 13.400 mulleres e 8.600 homes, o 60,9% do total deste motivo son mulleres. As maiores dificultades para atopar e manterse no mercado laboral fan que haxa máis desánimo no caso das mulleres.

**Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por ter que Coidar de menores ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, ou por ter que atender Outras responsabilidades familiares ou persoais, en global o 95% son mulleres.**

#### Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial e sexo 2018

	Homes	%s/ homes	Mulleres	%s/ mulleres	% Mulleres
Total	33.000	100,0	112.700	100,0	77,4
Seguir cursos de ensinanza ou formación	3.800	11,5	5.300	4,7	58,2
Enfermidade ou incapacidade propia	1.000	3,0	1.600	1,4	61,5
Coidado de nenos e nenas ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores	600	1,8	18.600	16,5	96,9
Outras obrigacións familiares ou persoais	800	2,4	6.800	6,0	89,5
Non poder atopar un traballo de xornada completa	19.200	58,2	63.000	55,9	76,6
Non querer un traballo de xornada completa	2.400	7,3	9.000	8,0	78,9
Outras razóns	5.000	15,2	8.000	7,1	61,5

FONTE: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Se atendemos ás razóns polas que as persoas responden que din que teñen un contrato a tempo parcial en lugar dun a tempo completo, séguese a constatar como a que segue a atender as responsabilidades familiares, con moita diferenza, é a muller.

Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por Coidado de nenos e nenas, ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, un 96,9% son mulleres. Das que responden á atención a Outras obrigacións familiares ou persoais, o 89,5% son mulleres. Isto pon de manifesto que é moi limitado o reparto destas tarefas.

Cas cifras desmóntase o argumento de que as mulleres usan o tempo parcial para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, xa que maioritariamente nas mulleres prevalece o motivo de non poder atopar unha xornada a tempo completo, porque o mercado laboral non llo proporciona. Neste motivo hai 63.000 mulleres, o 76,6% do total.

**A prestación por maternidade segue a desfrutarse de forma exclusiva pola nai, no 97,8% dos casos.**

**Permisos por paternidade e maternidade ano 2018**

	Mulleres	Homes	% homes	Total
Permisos de paternidade		12.245		
Prestación de maternidade	12.502	287	2,2	12.789

Fonte: Seguridade Social

Das 12.789 prestacións por maternidade solicitadas en Galicia no ano 2018, tan só 287 foron compartidas coa outra persoa da parella, o que supón o 2,2%.

Trala crise o número de permisos por maternidade reduciuse de xeito importante e iso ten unha dobre lectura. Por un lado, hai menos mulleres con emprego e con dereito ao acceso a esta prestación, e por outro, as mulleres están renunciando ou retardando á maternidade con fin de permanecer no mercado laboral. Así, tras cifras de 16.685 no ano 2010 chegamos ao 2018 con 12.789. Os permisos de paternidade teñen similar evolución, de 12.568 en 2010 a 12.245 en 2018.

**As reducións de xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres (76,4% do total) .**

**Reducións de xornada Galicia. 2017**

	Número	Porcentaxe	Incidencia
Homes	9.320	76,4	5.1%
Mulleres	30.150	23,6	14,9%

Fonte: Enquisa Estructural a fogares - IGE

No ano 2017, último dato dispoñible da Enquisa estrutural a fogares do IGE, 39.470 traballadores e traballadoras galegas con menores de 0 a 12 anos reduciron a súa xornada de traballo para poder atendelos. Segundo o sexo, as solicitudes foron maioritariamente femininas, o 76,4% do total.

## As excedencias por coidado familiar seguen a ser solicitadas no 86,8% dos casos polas mulleres

### Excedencias por coidado familiar dadas de alta. Galicia

	2012	%	2013	%	2014	%	2015	%	2016	%	2017	%	2018	%
Total	657	100	665	100	699	100	846	100	1.104	100	1.210	100	1.372	100,0
Mulleres	605	92,08	611	91,88	630	90,13	751	88,8	984	89,1	1.078	89,1	1.191	86,8
Homes	52	7,91	54	8,12	69	9,87	95	11,2	120	10,9	132	10,9	181	13,2

FONTE: MEYSS. Seguridade Social.

Aínda que se incrementa paulatinamente a solicitude de excedencias por coidado familiar tanto no caso feminino como no caso masculino, con maior intensidade en termos relativos nestes últimos, moi lonxe estase de conseguir a igualdade neste ámbito, xa que mentres no ano 2018 as mulleres solicitaron 1.191 excedencias por este motivo, os homes solicitaron moitas menos, 181 .

Outro dato que indica quen está a sobrelevar as deficiencias do SAAD é que das 144.539 persoas cuidadoras de persoas con dependencia, 90.718 son mulleres, 63 de cada cen.

#### Persoas cuidadoras de persoas con dependencia por sexo

	2017
Home	53.821
Muller	90.718
Total	144.539

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

## RESUMO E CONCLUSIÓNS

Os datos da EPA 2018 non reflicten unha mellora da situación das mulleres no mercado laboral, a pesar do contexto de recuperación económica, as brechas de xénero continúan ampliándose.

A taxa de actividade feminina sitúase a oito puntos e unha décima por debaixo da masculina. Ademais, as mulleres galega estamos 4,2 puntos por debaixo da taxa de actividade feminina da media estatal.

Destaca o forte número de mulleres dentro de persoas inactivas por Labores de fogar. 172.800 mulleres adócense a coidar do fogar e da familiar sen ningún tipo de remuneración.

Hai 562.000 homes (taxa de emprego masculino de 50,4%) fronte a 515.000 mulleres ocupadas (taxa de emprego feminino do 42,3%) o que supón 47.000 mulleres ocupadas menos que homes. A brecha de xénero na ocupación é de 8,1 puntos.

A segregación no mercado de traballo é outra das constantes do emprego das mulleres. O 85,1% das mulleres ocupadas traballa no sector Servizos. Só un 9% na Industria, 4,4% na Agricultura, gandería, caza

e silvicultura, 0,9% na Construción e 0,7% na Pesca e Acuicultura. E só en catro das dez principais ocupacións o peso da ocupación feminina é superior.

Tan só o 2,33% da poboación ocupada feminina (o 4,7% nos homes) está en postos de Dirección e Xerencia. As mulleres tan só representan o 19,44% nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35 (fronte a 80,6% homes) En termos absolutos compróbase un total de 160 mulleres fronte a 663 homes.

Hai unha maior propensión ao emprego por conta propia no caso dos homes cun 21,8% fronte ao 16,4% no caso das mulleres, e as mulleres seguen a ter maior peso no sector público e menor peso no sector privado que os homes.

A igual formación, os homes acadan maiores taxas de ocupación que as mulleres en todos os niveis formativos

A temporalidade e o menor número de mulleres con contratos indefinidos indican a precariedade das mulleres e a dificultade que teñen para manter o emprego. As mulleres son o 76,2% da poboación ocupada con contrato temporal que se fai para cubrir a ausencia total o u parcial doutro traballador ou traballadora. Nos contratos indefinidos de tipo discontinuo, as mulleres representan o 72,4%, que se desenvolven en determinados períodos ao ano, e polo tanto, teñen menores remuneracións.

As mulleres seguen sendo un ano máis as que de forma maioritaria ocupan os empregos a tempo parcial. 112.700 mulleres (o 77,4% do total) fronte a 33.000 homes (o 22,6%) están ocupadas a tempo parcial. Na ocupación a tempo completo a situación invertece, os homes ocupados a tempo completo son 529.600 (o 56,8% do total) fronte a 402.300 mulleres (o 43,2%), existindo unha diferenza de 127.300 mulleres ocupadas con xornada a tempo completo menos.

A taxa de paro feminino é de 14,4% fronte a 12,4 % de taxa de paro masculino. Ademais a brecha de xénero medra nos últimos anos, situándose a diferenza en 2 puntos.

Por tramos de permanencia no paro destaca que o 52,2% das persoas desempregadas de moi longa duración (2 anos ou máis) son mulleres, e a brecha na taxa de cobertura por desemprego é de 10 puntos.

Do total de persoas que non traballan nin están buscando emprego por ter que coidar de nenas e nenos, persoas adultas, enfermas, discapacitadas ou maiores, ou por ter outras responsabilidades familiares ou persoais, o 89,5% son mulleres

O A falta de voluntariedade caracteriza o emprego a tempo parcial. O 55,9% no caso das mulleres e o 58,2% no caso dos homes que traballan a tempo parcial declaran non facelo por no atopar emprego a tempo completo. Cando o motivo de traballar a tempo parcial é por ter que atender responsabilidades



familiares e persoais, o coidado de menores, persoas con discapacidade ou maiores, do total, o 96,9% son mulleres .

Os permisos de maternidade son desfrutados unicamente pola nai nun 97,8% e só un 2,2% son desfrutados polo pai ou outro proxenitor. As reducións de xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres (76,4% do total, e as excedencias non retribuídas por coidado de familiar son case maioritariamente para as mulleres, o 86,8%.

Polo tanto, das cifras do mercado laboral do ano 2018 despréndese que a situación laboral das mulleres non mellora ca recuperación económica e as brechas de xénero no emprego perpetúanse.